

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SARREAUS NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE SARREAUS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 16.09.2022 co Concello de Sarreaus o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Sarreaus para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Sarreaus, propiedade do concello.

As obras de reforma consistirán na substitución do material de cubrición da cuberta existente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde de Sarreaus.

Tal e como se pon de manifesto no informe achegado polo concello, o centro de saúde de Sarreaus require dunha serie de actuacións para o acondicionamento e mellora das súas instalacións que se foron deteriorando co paso do tempo.

O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.

Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

